



Na Atención Primaria resólvense máis do 80% dos problemas de saúde da poboación, é a máis cercana ás persoas e recibe as mellores valoracións dos pacientes. A súa importancia merece o apoio, recoñecemento e potenciación por parte das institucións e dos propios usuarios.

## ATENCIÓN PRIMARIA DE SAÚDE (AP)

A AP comprende a asistencia sanitaria esencial a toda-las persoas e familias da comunidade. A AP forma parte tanto do sistema nacional de saúde, do que constitúe a función central e o núcleo principal, como do desenvolvemento social e económico global da comunidade.

É unha atención sanitaria centrada na persoa, onde tamén se teñen en conta as necesidades e as opinións do paciente.

Nela lévanse a cabo medidas de diagnóstico, prevención, educación sanitaria, curación, rehabilitación e traballo social.

Atende á poboación de cada zona no centro de saúde, consultorio periférico, no domicilio do paciente ou realizando actividades comunitarias, de forma programada, a demanda ou urxente. Apoiase noutros recursos sanitarios e sociais cando é necesario (Atención secundaria ou hospitalaria, centros de acollida, residencias...)

## Valor humano

No Centro de Saúde os pacientes son atendidos por persoal administrativo que axuda na xestión dos trámites que sexan precisos; traballadores sociais que axudan na obtención do apoio social; enfermeiras e matronas que aplican cuidados de feridas e enfermidades, seguimento do embarazo, asesoran nos autocuidados e educación sanitaria e prevención, realizan técnicas diagnósticas como electrocardiogramas, espirometrías ou retinografías ou realizan a primeira valoración dunha urxencia; médicos de familia e pediatras que realizan tarefas de prevención, diagnóstico, tratamento e seguimento, consultas de tabaquismo, cirurxía menor, etc.

Tamén hai servizos de apoio, como rehabilitación, fármacos de área, saúde mental, saúde sexual ou odontopediatría e xunto aos servizos nas oficinas de Farmacia complétase a atención sanitaria cercana ás persoas.

Ademais da atención á poboación, en AP realízanse tarefas de xestión interna, investigación, docencia e formación de médicos especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria, Pediatría e outras especialidades, estudantes de enfermería e medicina e outras moitas tarefas.

